

# CONTAS ANUAIS

FUNDACIÓN PÚBLICA  
GALEGA DA  
FORMACIÓN PARA O  
TRABALLO  
**FPGFT**

---

Memoria.  
Balance de Situación.  
Conta de Perdas e Ganancias.

**Ano 2018**

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

- 1 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE**
- 2 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**
- 3 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN**
- 4 - INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS**
- 5 - ACTIVOS FINANCEIROS**
- 6 - PASIVOS FINANCEIROS**
- 7 - FONDOS PROPIOS**
- 8 - SITUACIÓN FISCAL**
- 9 - INGRESOS E GASTOS**
- 10 - SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS**
- 11 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN**
- 12 - OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS**
- 13 - OUTRA INFORMACIÓN**
- 14 - INVENTARIO**
- 15 - INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE E DEREITOS DE EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO**
- 16 - INFORMACIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. «DEBER DE INFORMACIÓN» DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO**



Fundación Pública  
Galega de Formación  
para o Trabalho  
G-70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**1 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE**

A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO, fundación do sector público de Galicia, de carácter tripartito e paritario sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela, o día cinco de maio de 2008, ante o notario José Antonio Cortizo Nieto, e ten o seu domicilio social e fiscal no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n- Consellería de Economía, Emprego e Industria, Santiago de Compostela - A Coruña.

En data 5 de abril de 2011, en reunión ordinaria Nº1/2011 do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo aprobouse por unanimidade a modificación dos estatutos da Fundación para a súa adaptación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. Dito acordo se elevou a público en data 20 de decembro do 2011.

**FINS DA FUNDACIÓN:**

A Fundación ten por obxecto:


- Promover, aplicar e implementar actuacións tendentes á configuración dun sistema integrado de formación profesional en Galicia.
- Promover a eficiencia e a eficacia das políticas de formación a través do análise e mellora continuada das mesmas.
- Impulsar e estender entre os empresarios e os traballadores unha formación que responda as súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.
- Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal.
- Proporcionar aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.
- Contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas, e a estabilidade e calidade do emprego. Calquera outro fin que conduza o cumprimento do obxecto fundacional.

No punto 10 da presente memoria detállanse as actividades realizadas pola Fundación durante o 2018.

A Fundación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Fundacións de Interese Galego, concretamente a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; polos seus propios estatutos e pola normativa existente que lle sexa de aplicación.

Para a aplicación do réxime fiscal previsto na Lei 49/2002 mencionada anteriormente, a entidade comunicou á Administración Tributaria a súa opción polo citado réxime a través da correspondente declaración censual.

Este réxime fiscal aplícase ao período impositivo que finalice con posterioridade á data de presentación da declaración censual en que se conteña a opción e os sucesivos, en tanto a entidade non renuncie ao devandito réxime.



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**2 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**

**1. Imaxe fiel:**

As contas anuais do exercicio adxuntas foron elaboradas a partir dos rexistros contables da mesma ao 31 de decembro de 2018 e nelas aplicouse o marco normativo, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación, e do grao de cumprimento das súas actividades.

Non existen razóns excepcionais, polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaron disposicións legais en materia contable.

As contas anuais axuntas someteranse á aprobación polo Padroado da Fundación, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

**2. Principios contables:**

Non foi necesario, nin se creu conveniente por parte da dirección da entidade, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o art. 38 do código de comercio e a parte primeira do plan xeral de contabilidade.

**3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:**

A Entidade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

É posible que, a pesar de que estas estimacións de valor realizáronse en función da mellor información dispoñible á data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, prodúzanse acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de resultados futuras.

**4. Comparación da información:**


Para os efectos da obrigación establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio, e para os efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito de comparabilidade, para elaborar as contas anuais do exercicio utilizouse a estrutura do Balance e da Conta de Resultados expresadas en modo pemes no Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos publicado o 26 de marzo de 2013.

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2018, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2018 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2017.

A Entidade non está obrigada a realizar auditoría das contas anuais dos exercicios 2018 e 2017.

**5. Elementos recollidos en varias partidas**

As contas anuais non teñen ningunha partida que fose obxecto de agrupación no balance ou na conta de resultados.



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

6. Cambios en criterios contables

Durante o presente exercicio non se produciron cambios significativos de criterios contables respecto dos criterios aplicados no exercicio anterior.

7. Corrección de erros

As contas anuais do exercicio 2018 inclúen un axuste realizado como consecuencia de erros detectados no exercicio referido a un gasto do exercicio anterior por importe de 11,91 euros que foi levado contra as reservas contables da entidade. No 2017 non se realizou ningún axuste contra reservas por erros contables.

**3 - NORMAS REXISTRO E VALORACIÓN**

Aplicáronse os seguintes criterios contables:

**1. Inmovilizado intanxible:**

Os activos intanxibles rexístranse polo seu custo de adquisición e ou/produción e, posteriormente, valóranse ao seu custo menos, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e ou/perdas por deterioración que experimentasen. Estes activos amortízanse en función da súa vida útil.

A Entidade recoñece calquera perda que puidese producirse no valor rexistrado destes activos con orixe na súa deterioración, os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioración destes activos e, se procede, das recuperacións das perdas por deterioración rexistradas en exercicios anteriores son similares aos aplicados para os activos materiais.

Os activos intanxibles amortízanse linealmente en función dos anos de vida útil estimada que se consideraron que son 3 anos por norma xeral.

Analizados todos os factores, non se recoñecen inmovilizados intanxibles con vida útil indefinida.

**2. Inmovilizado material:**


A partida de inmovilizado material inclúe exclusivamente bens de inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo debido a que unicamente se destinan a unha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran os devanditos activos e que benefician á colectividade, isto é, o seu beneficio social ou potencial do servizo.

Os bens comprendidos no Inmovilizado material valoráronse polo prezo de adquisición ou custo de produción, minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas e calquera perda por deterioración de valor coñecida. O prezo de adquisición ou custo de produción inclúe os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.

Non se produciron durante ou exercicio partidas que puidesen ser consideradas, a xuízo da Administración da Entidade, como ampliación, modernización ou mellora do inmovilizado material. Non se realizaron traballos da Entidade para o seu inmovilizado.

a) Amortizacións

As amortizacións establecéronse de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos bens e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e goce, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que puidese afectalos.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

Amortizouse de forma independente cada parte dun elemento do inmovilizado material e de forma lineal:

	Anos de vida útil estimada
Instalacións técnicas	6-7
Mobiliario e aparellos	10
Equipos para procesos de información	4
Outro inmovilizado material	10

b) Deterioración de valor dos activos materiais non xeradores de fluxos de efectivo

Prodúcese unha perda por deterioración do valor dun elemento do inmovilizado material non xerador de fluxos de efectivo cando o seu valor contable supera ao seu importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso. Para ese efecto, o valor en uso determínase por referencia ao custo de reposición.

Á data de peche de cada exercicio, a entidade avalía se existen indicios de que algún inmovilizado material ou, no seu caso, algunha unidade de explotación ou servizo poidan estar deteriorados, nese caso, estima os seus importes recuperables efectuando as correccións valorativas que procedan.

Os cálculos da deterioración dos elementos do inmovilizado material efectuaranse elemento a elemento de forma individualizada.

As correccións valorativas por deterioración dos elementos do inmovilizado material non xeradores de fluxos de efectivo, así como a súa reversión cando as circunstancias que as motivaron deixasen de existir, recoñécense como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de resultados. A reversión da deterioración ten como límite o valor contable do inmovilizado que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrou a deterioración do valor.

c) Custos de renovación, ampliación ou mellora:

Durante o exercicio non se incorreron custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens de inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo.

d) Inmovilizado cedido pola entidade sen contraprestación

No presente exercicio non se cederon bens do inmovilizado material.

e) Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar

No presente exercicio non se arrendaron bens.

f) Terreos e construcións consideradas investimentos inmobiliarios

No presente exercicio a entidade non dispón deste tipo de bens.

### **3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico**

No presente exercicio a entidade non dispón deste tipo de bens.

### **4. Permutas:**

Durante o exercicio non se produciu ningunha permuta..



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G-70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**5. Activos e pasivos financeiros:**

A entidade ten rexistrados no capitulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, por tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais –clientes e debedores varios- e da actividade propia -usuarios e debedores varios-;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos.
- Instrumentos de patrimonio doutras entidades adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio e
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal e fianzas e depósitos constituídos.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais –provedores e ACREDORES varios- e da actividade propia –beneficiarios ACREDORES -;
- Débedas con entidades de crédito, e
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito e fianzas e depósitos recibidos.

Inversións financeiras a longo e curto prazo:

Préstamos e partidas a cobrar: rexístranse ao seu custo amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os intereses devindicados non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar.

Efectivo e outros activos líquidos equivalentes:

Baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Pasivos financeiros:

Os préstamos, obrigacións e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou o reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na conta de resultados segundo o criterio do devindicación utilizando o método do interese efectivo. O importe devindicado e non liquidado engádesse ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.


Os ingresos e gastos contabilízanse na conta de resultados segundo o criterio de devindicación utilizando o método do interese efectivo.

Ao peche do exercicio a entidade realiza un test de deterioración para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioración se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro desta deterioración rexístrase na conta de resultados.

En particular, e respecto das correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas para cobrar, o criterio utilizado pola entidade para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houberse, ten en conta os vencementos das devanditas débedas e a situación patrimonial específica dos devanditos debedores.

A entidade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e transferíronse substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como en vendas en firme de activos.

A entidade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

  
Fundación Pública  
Galega de Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**6. Existencias:**

Non existen existencias.

**7. Transaccións en moeda estranxeira:**

Non existen transaccións en moeda estranxeira.

**8. Imposto sobre beneficios:**

O gasto por imposto sobre beneficios representa a suma do gasto por imposto sobre beneficios do exercicio así como polo efecto das variacións dos activos e pasivos por impostos anticipados, diferidos e créditos fiscais.

O gasto por imposto sobre beneficios do exercicio calcúlase mediante a suma do imposto corrente (no resultado contable reduciuse o importe dos resultados procedentes das actividades exentas) que resulta da aplicación do tipo de gravame sobre a base imponible do exercicio, tras aplicar as deducións que fiscalmente son admisibles, máis a variación dos activos e pasivos por impostos anticipados / diferidos e créditos fiscais, tanto por bases impositivas negativas como por deducións.

Os activos e pasivos por impostos diferidos inclúen as diferenzas temporais que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadores ou recuperables polas diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impositivas negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporal ou crédito que corresponda o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para todas as diferenzas temporais impositivas. Pola súa banda, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais, bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Entidade teña no futuro suficientes ganancias fiscais contra as cales poder facelas efectivas.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos de acordo cos resultados das análises realizadas.

**9. Ingresos e gastos:**



Os gastos realizados pola entidade contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se incorren, á marxe da data en que se produza a corrente financeira. En particular, as axudas outorgadas pola entidade recoñécense no momento en que se aproba a súa concesión.

En ocasións, o recoñecemento destes gastos difírese en espera de que se completen algunhas circunstancias necesarias para a súa devindicación, que permitan a súa consideración definitiva na conta de resultados:

a) Cando a corrente financeira prodúcese antes que a corrente real, a operación en cuestión dá lugar a un activo, que é recoñecido como un gasto cando se perfecciona o feito que determina dita corrente real.

b) Cando a corrente real esténdese por períodos superiores ao exercicio económico, cada un dos períodos recoñece o gasto correspondente, calculado con criterios razoables, sen prexuízo do indicado para os gastos de carácter plurienal.

As axudas outorgadas en firme pola entidade e outros gastos comprometidos de carácter plurienal contabilízanse na conta de resultados do exercicio en que se aproba a súa concesión con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

Os desembolsos relacionados coa organización de eventos futuros (exposicións, congresos, conferencias, etcétera) recoñécense na conta de resultados da entidade como un gasto na data na que se incorren, salvo que estivesen relacionados coa adquisición de bens do Inmobilizado, dereitos para organizar o citado evento ou calquera outro concepto que cumpra a definición de activo.

Na contabilización dos ingresos téñense en conta as seguintes regras:

- a) Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valóranse polo importe acordado.
- b) As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ao que correspondan.
- c) Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos prodúcense.
- d) En todo caso, deberán realizarse as periodificacións necesarias.

**10. Provisións e continxencias:**

As contas anuais da Entidade recollen todas as provisións significativas nas cales é maior a probabilidade que se haxa de atender a obrigaón. As provisións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que xeren obrigaóns futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con ocasión de cada peche contable. Utilízanse para afrontar as obrigaóns específicas para as cales foron orixinalmente recoñecidas. Procédese á súa reversión total ou parcial, cando estas obrigaóns deixan de existir ou diminúen.

**11. Subvencións, doazóns e legados:**

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou investimento obxecto da subvención, doazón ou legado.

Nas subvencións, doazóns ou legados concedidos polos asociados, fundadores ou patróns séguese leste mesmo criterio, salvo que se outorgasen a título de dotación fundacional ou fondo social, nese caso recoñécense directamente nos fondos propios da entidade. Tamén se recoñecen directamente nos fondos propios, as achegas efectuadas por un terceiro á dotación fundacional ou ao fondo social.

As subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexístranse como pasivos da entidade ata que adquiren a condición de non reintegrables. A estes efectos, considéranse non reintegrables cando existe un acordo individualizado de concesión da subvención, doazón ou legado a favor da entidade, cumpríronse as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido. As de carácter non monetario ou en especie valóranse polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poida determinarse de maneira fiable.

**12. Negocios conxuntos:**

Non existe ningunha actividade económica controlada conxuntamente con outra persoa física ou xurídica.

**13. Transaccións entre partes vinculadas:**



Handwritten signature and blue stamp of Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo G - 70141924.

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

**14. Gastos de persoal:**

A contabilización dos gastos de persoal axústase ao principio de devindicación, rexistrando o gasto na conta de perdas e ganancias de acordo coa corrente real do servizo prestado á empresa, valorándose polo custo.

A fundación non ten subscritos compromisos por pensións a favor dos seus traballadores.

Excepto no caso de causa xustificada, as entidades están obrigadas a indemnizar aos seus empregados cando prescinden dos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal de emprego e dado que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar o despedimento.

**4 - INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIÓNS INMOBILIARIAS**

Análise do movemento comparativo do exercicio actual e anterior do inmovilizado material e intanxible e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioración de valor acumulado:

Movimentos do inmovilizado material	Importe 2018	Importe 2017
SALDO INICIAL BRUTO	315.347,14	305.548,89
(+) Entradas	2.372,58	9.798,25
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	317.719,72	315.347,14

Movimentos amortización do inmovilizado material	Importe 2018	Importe 2017
SALDO INICIAL BRUTO	120.248,09	107.915,99
(+) Aumento por dotacións	13.980,62	12.332,10
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	134.228,71	120.248,09

Movimentos do inmovilizado intanxible	Importe 2018	Importe 2017
SALDO INICIAL BRUTO	83.569,30	70.192,75
(+) Entradas	14.907,20	13.376,55
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	98.476,50	83.569,30

Movimentos amortización do inmovilizado intanxible	Importe 2018	Importe 2017
SALDO INICIAL BRUTO	59.532,44	47.681,17
(+) Aumento por dotacións	11.316,87	11.851,27
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	70.849,31	59.532,44

**5 - ACTIVOS FINANCEIROS**

1. A continuación móstrase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros sinaladas na norma de rexistro e valoración novena, sen incluírse os investimentos en patrimonio de entidade de grupo, multigrupo e asociadas. De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº2 do BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos das

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

Administracións Públicas.

Créditos, derivados e outros cp	Importe 2018	Importe 2017
Activos financeiros mantidos para negociar		
Activos financeiros a custo amortizado	727.519,17	674.376,17
Activos financeiros a custo		
TOTAL	727.519,17	674.376,17

Total activos financeiros cp	Importe 2018	Importe 2017
Activos financeiros mantidos para negociar		
Activos financeiros a custo amortizado	727.519,17	674.376,17
Activos financeiros a custo		
TOTAL	727.519,17	674.376,17

2. Correccións por deterioración do valor orixinadas polo risco de crédito:

Non existen correccións por deterioración do valor orixinadas polo risco de crédito.

3. Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A Entidade FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO non ten vinculación con entidades que poidan ser consideradas como empresas do grupo, multigrupo ou empresas asociadas.


## 6- PASIVOS FINANCEIROS

1. Información sobre os pasivos financeiros da entidade. De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº2 do BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos das Administracións Públicas.

Pasivos financeiros a curto prazo.

Derivados e outros cp	Importe 2018	Importe 2017
Pasivos financeiros a custe amortizado	3.388,16	2.001,53
Pasivos financeiros mantidos para negociar		
TOTAL	3.388,16	2.001,53

Total pasivos financeiros a cp	Importe 2018	Importe 2017
Pasivos financeiros a custe amortizado	3.388,16	2.001,53
Pasivos financeiros mantidos para negociar		
TOTAL	3.388,16	2.001,53



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

Información sobre:

1. Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2018:

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	Más de 5	
<b>Débedas a longo prazo</b>	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Débedas con entidades de crédito							- €
Acredores por arrendamento financeiro							- €
Outras débedas a longo prazo							- €
<b>Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b>							- €
Débedas comerciais non correntes							- €
<b>Debedores a curto prazo</b>	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Débedas con entidades de crédito							- €
Acredores por arrendamento financeiro							- €
Outras débedas a curto prazo							- €
<b>Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo</b>							- €
<b>Beneficiarios-Acredores</b>							- €
<b>Acredores comerciais e outras contas a pagar</b>	3.388,16€	- €	- €	- €	- €	- €	3.388,16€
Provedores							- €
Outros acredores	3.388,16						3.388,16€
<b>TOTAL</b>	<b>3.388,16€</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>3.388,16€</b>

Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2017:

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	Más de 5	
<b>Débedas a longo prazo</b>	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Débedas con entidades de crédito							- €
Acredores por arrendamento financeiro							- €
Outras débedas a longo prazo							- €
<b>Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b>							- €
Débedas comerciais non correntes							- €
<b>Debedores a curto prazo</b>	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Débedas con entidades de crédito							- €
Acredores por arrendamento financeiro							- €
Outras débedas a curto prazo							- €
<b>Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo</b>							- €
<b>Beneficiarios-Acredores</b>							- €
<b>Acredores comerciais e outras contas a pagar</b>	2.001,53€	- €	- €	- €	- €	- €	2.001,53€
Provedores							- €
Outros acredores	2.001,53						2.001,53€
<b>TOTAL</b>	<b>2.001,53€</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>2.001,53€</b>

2. Non existen débedas con garantía real.

3. Préstamos pendentes de pago ao peche do exercicio: non existen préstamos, nin liñas de desconto nin pólizas de crédito ao peche do exercicio 2018 nin 2017.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

**7 – FONDOS PROPIOS**

A composición e o movemento das partidas que forman o epígrafe “Fondos Propios” é a seguinte:

	Dotación Fundacional	Reservas Voluntarias	Excedentes de exercicios anteriores	Excedente do exercicio	Total
<b>SALDO A 31/12/2015</b>	<b>30.000,00</b>	<b>- 24.943,78</b>	<b>824.596,82</b>	<b>20.918,58</b>	<b>850.571,62</b>
Aplicación resultado			20.918,58	- 20.918,58	-
Resultado exercicio				18.338,33	18.338,33
<b>SALDO A 31/12/2016</b>	<b>30.000,00</b>	<b>- 24.943,78</b>	<b>845.515,40</b>	<b>18.338,33</b>	<b>868.909,95</b>
Aplicación resultado			18.338,33	- 18.338,33	-
Resultado exercicio				- 5.008,21	- 5.008,21
<b>SALDO A 31/12/2017</b>	<b>30.000,00</b>	<b>- 24.943,78</b>	<b>863.853,73</b>	<b>- 5.008,21</b>	<b>863.901,74</b>
Aplicación resultado			- 5.008,21	5.008,21	-
Correccións omisións		- 11,91			- 11,91
Resultado exercicio				51.095,02	51.095,02
<b>SALDO A 31/12/2018</b>	<b>30.000,00</b>	<b>- 24.955,69</b>	<b>858.845,52</b>	<b>51.095,02</b>	<b>914.984,85</b>

2. Non existen ningunha circunstancia que limiten a dispoñibilidade das reservas.

Dotaranse reservas polo importe dos remanentes positivos de 2015 e 2016 (20.918,58 e 18.338,33 euros respectivamente), mentres que o resultado de 2018 empregárase para compensar as perdas de 2017 (por 5.008,21 euros) levando a reservas voluntarias a diferenza (46.086,81 euros) en cumprimento da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

**8 - SITUACIÓN FISCAL**

1. Imposto sobre beneficios

a) Réxime fiscal aplicable a entidade:

De acordo co Título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, as fundacións gozarán de exención no Imposto sobre Sociedades, entre outras, polas seguintes rendas: Os donativos e doazóns recibidos para colaborar nos fins da entidade e as axudas económicas recibidas en virtude dos convenios de colaboración empresarial regulados no artigo 25 da devandita Lei; as subvencións, salvo as destinadas a financiar a realización de explotacións económicas non exentas; as procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da entidade, como son os dividendos, intereses, canons e alugueres; e as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas relacionadas no artigo 7 da devandita Lei. Así pois, na base imponible do Imposto sobre Sociedades só incluíranse as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas.

Esta entidade non desenvolveu durante o exercicio actual e os anteriores actividades non exentas.

Co acollemento ao réxime estipulado no título II da lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado a entidade a mesma consegue ter unha exención total das súas rendas no imposto sobre sociedades e por tanto a base imponible difire do resultado contable.

No presente exercicio o importe rexistrado por gasto por imposto sobre beneficios corrente ascende a 0,00 euros.

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

No exercicio 2017 o importe rexistrado polo mesmo concepto foi de 0,00 euros.

b) A continuación inclúense os apartados da memoria nos que se dá a información esixida pola lexislación fiscal para gozar da cualificación de entidades sen fins lucrativos para os efectos da Lei 49/2002, do 23 de decembro, que non figura noutros apartados desta memoria económica.

1. Identificación das rendas exentas e non exentas do Imposto sobre Sociedades sinalando o correspondente número e letra dos artigos 6 e 7 da Lei 49/2002 que ampara a exención con indicación dos ingresos e gastos de cada unha delas. Indícanse os cálculos e criterios utilizados para determinar a distribución dos gastos entre as distintas rendas obtidas pola entidade.

	Ingresos	Gastos	Resultado - Rendas	Artigo Lei 49/02 (exención)
Subvencións	528.093,00	477.273,00	50.820,00	Art. 6 1º c)
Procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario	275,02		275,02	Art. 6 2º
	528.368,02	477.273,00	51.095,02	

Como norma xeral, os gastos directos relativos a proxectos ou actividades asignáronse polo total do seu importe a cada proxecto ou actividade.


Os gastos indirectos, entendidos aqueles como os que son necesarios para a obtención de varias rendas á vez, repartíronse entre as devanditas rendas conforme a criterios obxectivos de repartición como a ponderación dos ingresos.

2. Identificación dos ingresos, gastos e investimentos correspondentes a cada proxecto ou actividade realizado pola entidade para o cumprimento dos seus fins estatutarios ou do seu obxecto. Os gastos de cada proxecto clasifícanse por categorías, tales como gastos de persoal, gastos por servizos exteriores ou compras de material.

	Actividade xeral	Totais
<b>Ingresos</b>	528.368,02 €	528.368,02 €
<b>Gastos</b>	477.273,00 €	477.273,00 €
<i>Axudas monetarias</i>	0,00 €	0,00 €
<i>Aprovisionamentos</i>	4.179,20 €	4.179,20 €
<i>Persoal</i>	370.175,11 €	370.175,11 €
<i>Amortizacións</i>	25.297,49 €	25.297,49 €
<i>Outros Gastos</i>	77.621,20 €	77.621,20 €
<i>Gastos Financeiros</i>	0,00 €	0,00 €
<b>Resultado</b>	51.095,02 €	51.095,02 €
<b>Inversións</b>	17.279,78 €	17.279,78 €

3. Actividades prioritarias de mecenado: a entidade non realiza ningunha.
4. Previsión estatutaria relativa ao destino do patrimonio da entidade en caso de disolución: os estatutos da entidade, desde a súa constitución, contan coa previsión estatutaria relativa ao destino do patrimonio da entidade en caso de disolución conforme se obriga na lei 49/2002

c) Non existen diferenzas temporarias deducibles e impositibles rexistradas no balance ao peche do exercicio.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

- d) Non existe ningún crédito por bases impositibles recuperable fiscalmente.
- e) Non se aplicou ningún incentivo fiscal no exercicio excepto os derivados da situación relativa á Lei 49/2002 indicada anteriormente.
- f) Non hai ningún beneficio acollido á dedución por investimento de beneficios.  
Segundo o estipulado no artigo 25 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, faise constar na memoria que non existe reserva por investimento de beneficios.
- g) Non existen provisións derivadas do imposto sobre beneficios nin acontecementos posteriores ao peche que supoñan unha modificación da normativa fiscal que afecte os activos e pasivos fiscais rexistrados.
- h) Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro últimos exercicios. As declaracións de impostos non poden considerarse definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais e, con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible a interpretacións. O órgano de goberno estima que calquera pasivo fiscal adicional que puidese poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo nas contas anuais tomadas no seu conxunto.

2. Saldos con administracións públicas

<b>Saldos debedores con administracións públicas</b>	<b>Exercicio 2018</b>	<b>Exercicio 2017</b>
Facenda Pública, debedora por devolución IS	18,72 €	18,72 €
<b>TOTAL</b>	<b>18,72 €</b>	<b>18,72 €</b>

<b>Saldos acredores con administracións públicas</b>	<b>Exercicio 2018</b>	<b>Exercicio 2017</b>
Facenda Pública, acreedora por IRPF	13.632,15 €	12.873,77 €
Organismos da Seguridade Social, acredores	2.539,73 €	14.753,56 €
.....		
<b>TOTAL</b>	<b>16.171,88 €</b>	<b>27.627,33 €</b>

**9 - INGRESOS E GASTOS**

1. Non existen movementos na partida da conta de resultados "Axudas monetarias".
2. Non existen Axudas non monetarias.
3. A continuación detállase a desagregación da partida da conta de perdas e ganancias de:
  - "Aprovisionamentos":



Handwritten signature and blue stamp of the Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo, G70141924.

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

Aprovisionamentos	Importe exercicio 2018	Importe exercicio 2017
Consumo de mat. primas e outras mat. consumibles	4.179,20 €	5.576,15 €
a) Compras, netas devol. E dto. das cales:	4.179,20 €	5.576,15 €
- nacionais	4.179,20 €	5.576,15 €
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias		

- A partida de "Gastos de persoal" desagregase da seguinte forma:

Conta	Importe exercicio 2018	Importe exercicio 2017
Soldos e salarios	281.979,15 €	266.384,10 €
Cargas sociais	88.195,96 €	86.121,30 €
a) Seguridade Social a cargo da entidade	88.195,96 €	86.121,30 €
<b>TOTAL</b>	<b>370.175,11 €</b>	<b>352.505,40 €</b>

- A desagregación de "Outros gastos da actividade" corresponden a:

Conta	Importe exercicio 2018	Importe exercicio 2017
622 Reparacións e conservación.	27.144,59 €	26.777,82 €
624 Transportes		124,61 €
625 Primas de seguros	2.156,64 €	1.916,80 €
628 Subministracións	3.825,34 €	6.066,54 €
629 Outros servizos	44.489,71 €	16.346,51 €
631 Outros tributos	4,92 €	14,76 €
<b>TOTAL</b>	<b>77.621,20 €</b>	<b>51.247,04 €</b>

- Non existen ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións.
- Non existen vendas de bens nin prestación de servizos producidos por permuta de bens non monetarios.
- A composición da partida "Outros resultados" é a seguinte:

Partida "Outros resultados"	Importe exercicio 2018	Importe exercicio 2017
678 Gastos excepcionais	0,00 €	0,00 €
778 Ingresos excepcionais	0,00 €	78,20 €
<b>TOTAL</b>	<b>- €</b>	<b>78,20 €</b>

## **10 - SUBVENCIÓNS, DONACIÓNS E LEGADOS**

- No seguinte cadro ofrécese información comparativa da evolución das subvencións, concertos, doazóns e



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

legados obtidas pola Fundación no exercicio 2018 e no exercicio 2017:

Categoría	Exercicio 2018	Exercicio 2017
<b>Subvencións as diferentes actividades</b>	<b>528.093,00</b>	<b>428.093,00</b>
<b>Administración Autónoma</b>	<b>528.093,00</b>	<b>428.093,00</b>
Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria)	528.093,00	428.093,00
<b>Total</b>	<b>528.093,00</b>	<b>428.093,00</b>

**11 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE, APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN**

11.1. Actividades realizadas pola fundación durante o exercicio

**Actividades propias** (actividades realizadas pola fundación para o cumprimento dos seus fins, sen ánimo de lucro, con independencia de que a prestación ou servizo se faga de forma gratuíta ou mediante contraprestación).

As funcións máis relevantes e habituais desenvoltas pola fundación no exercicio 2018, para o cumprimento dos seus fins, pódense agrupar nas seguintes actividades principais:

- ACTIVIDADE Nº 1: "XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PLANS DE FORMACIÓN".
- ACTIVIDADE Nº 2: "XESTIÓN DE OUTRAS ORDES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DE CONCESIÓN DAS BOLSAS".
- ACTIVIDADE Nº 3: "INFORMES, ESTUDOS E GRUPOS DE TRABALLO 2018"
- ACTIVIDADE Nº 4: "ASESORAMENTO TÉCNICO e DIFUSIÓN DO SISTEMA"
- ACTIVIDADE Nº 5: "XESTIÓN DA CALIDADE"
- ACTIVIDADE Nº 6: "DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS EN GALICIA"
- ACTIVIDADE Nº 7: "DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB COMO SEDE ELECTRÓNICA DA FPGFT"
- ACTIVIDADE Nº8: "ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMO SOPORTE PARA AS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN E O PADROADO" (non indicada no Plan de Actuación 2018)

**ACTIVIDADE Nº 1**

**Denominación:** "XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PLANS DE FORMACIÓN".

**Data de realización:**

xaneiro - decembro 2018.

**Descrición da actividade:**

No exercicio 2010 a Dirección Xeral de Emprego e Formación solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas 2010/2011, en concreto xestionar a Fase de análise de solicitudes dá convocatoria 2010/2011.

No exercicio 2011, o apoio técnico da Fundación abarcou novas fases da tramitación das convocatorias dos Plans de Formación: "Seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación" da convocatoria 2010/2011 e "Análise de solicitudes" e "Seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación" da convocatoria 2011/2012.

Desde 2012 esta actividade abarcou a totalidade da xestión das solicitudes de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, que poden dividirse en tres momentos ou fases que se relacionan de seguido:

- Fase 1: "análise de solicitudes".
- Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".

Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo  
G - 70141924

# MEMORIA 2018 (PEMESFL)

## FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

### G70141924

- Fase 3: "seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas".

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que a Convocatoria dos Programas de Formación 2017 dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas foi publicada en agosto de 2017 e que en 2018 a fase 1 de solicitudes xa estaba resolta en 2017.

#### PROGRAMAS DE FORMACIÓN 2017/2018:

Convocatoria publicada no DOG 165, do 31 de agosto de 2017. Foron presentadas 213 solicitudes das que 124 foron concedidas a finais de 2017, ditas solicitudes foron xestionadas en 2018.

	nº PF	nº AAFF	nº Alumnos	Financiación
<b>RESOLUCIÓN: SOLICITUDES concedidas</b>	<b>124</b>	<b>1.494</b>	<b>24.139</b>	<b>13.423.015,20 €</b>


Atendendo á tipoloxía dos 124 PF 2017 subvencionados, observase a seguinte distribución:

- Plans transversais (ocupados + autónomos + economía social)
  - TRANSVERSAL DIRIXIDO A OCUPADOS
  - TRANSVERSAL DIRIXIDO A AUTÓNOMOS
  - TRANSVERSAL ECONOMÍA SOCIAL
- Plans sectoriais (afectaron a 10 sectores)
  - SECTORIAL DA AGROALIMENTACIÓN, PRODUCTOS DO MAR E ACUICULTURA
  - SECTORIAL DA AUTOMOCIÓN
  - SECTORIAL DA CONSTRUCCIÓN
  - SECTORIAL DA HOSTALARÍA
  - SECTORIAL DAS ENERXÍAS RENOVABLES
  - SECTORIAL DO COMERCIO
  - SECTORIAL DO NAVAL/INDUSTRIA MARÍTIMA
  - SECTORIAL DO TÉXTIL-MODA
  - SECTORIAL DO TRANSPORTE
  - SECTORIAL DOS SECTORES EMERXENTES E DE ALTO POTENCIAL
- Plans específicos (certificados de profesionalidade)

#### Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".

Débesse sinalar que na xestión desta convocatoria do TR302A a Dirección Xeral contratou con entidade de verificación o seguimento de visitas en tempo real das accións formativas iniciadas e tamén parte das tarefas de seguimento da execución aproveitando as visitas aos curso, as tarefas derivadas a esta empresa realizadas polos técnicos da Fundación en anteriores convocatorias entre outras foron as seguintes:

- Revisión da documentación dos alumnos (modelo C, DNI, etc.)
- Controlar que o desenvolvemento das Accións Formativas vinculadas aos Certificados de Profesionalidade axustase á normativa vixente cotexar coa normativa correspondente de cada un dos Certificados de Profesionalidade o perfil académico dos alumno
- Verificar que a realización da actividade formativa axustase ás condicións e requisitos formais e materiais que se establecen na orde de convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a avaliación técnica e a subvención concedida (exemplo: colectivos seleccionados)



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

- Revisión e análise dos informes dos controis de teleformación realizados polos participantes de accións impartidas parcialmente pola modalidade de teleformación, comprobando que a cantidade é, como mínimo, a indicada na convocatoria e que os resultados dos alumnos, tamén segundo convocatoria, son os correctos, en caso contrario solicitarase rectificación.
- Revisión dos partes de asistencia de alumnos e docentes
- Nas Accións Formativas vinculadas aos Certificados de Profesionalidade comprobar que figuran todos os anexos obrigatorios e revisar que as Actas de Avaliación Parciais e as Actas de Avaliación Finais se axustan á normativa de Certificados de Profesionalidade e que os datos do alumnado, profesorado, etc. son correctos, segundo os datos da xestión dos Plans de Formación.
- Comprobar que a execución das Accións Formativas dos Programas de Formación 2017/2018 está finalizada correctamente para que a Fundación poda tramitar as solicitudes de diplomas.

A actividade desenvolvida polos técnicos da Fundación foi a atención tanto das dúbidas da entidade verificadora (ver actividade 4 desta Memoria) e o seguimento permanente das entidades dos 124 PF concedidos.

- Fíxose seguimento continuado da problemática manifestada polas entidades beneficiarias, tanto no ámbito das consultas (ver actividade 4 desta Memoria) como da axilización de incidencias coa aplicación informática ou atendendo coa maior prontitude posible as solicitudes recibidas por diferentes vías segundo cal fora a natureza da solicitude.
- Atendéronse todas as solicitudes de modificacións dos termos das concesións realizadas polas entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, que supuxeron, entre outras tarefas, a revisión das datas das AAFF do PF para detectar cantas iniciaron e comprobar que estas non figuraban afectadas na solicitude, elaboráronse os correspondentes informes técnicos sobre a solicitude recibida con xustificación referida á normativa que figura na Orde sobre o asunto en cuestión e elaboración de táboa coa comparativa entre o solicitado e o proposto pola entidade, coas nosas consideracións (exemplo: solicitudes de reconfiguración do PF para reduciilo mantendo o mínimo de 5 AAFF requiridas en solicitude).
- Atendéronse todas as demais solicitudes ou comunicacións recibidas das entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, que supuxeron, entre outras tarefas, o estudo da tipoloxía de solicitude recibida, elaboráronse os correspondentes informes técnicos con xustificación referida á normativa que figura na Orde sobre o asunto en cuestión (exemplo: autorización para contratar con empresas vinculadas, comunicacións de renuncias á execución dos PF concedidos).
- Respecto de solicitudes de alumnos e/ou docentes para obter certificados de asistencia ou impartición, foron redactados polo equipo técnico previa revisión da documentación oficial que figura nalgunha das seguintes aplicacións: SIFO3 ou SIFO2 ou antiga de FC e tramitados coa Dirección Xeral.
- Tramitáronse todos os anticipos solicitados dos PF iniciados, dita tramitación incluía a comprobación en Resolución inicial ou Resolución de posible autorización de Reconfiguración, comprobación de que a documentación obrigatoria a presentar coa solicitude de anticipo estea completa, redactar informe técnico coas comprobacións anteriores e impresión da documentación presentada por SIFO3 e continuación do procedemento de tramitación na Dirección Xeral.
- Revisión da documentación dos docentes propostos, respecto dos requisitos segundo a modalidade de impartición, a materia a impartir e segundo os requisitos que figuran o ben nos certificados de profesionalidade ou no catálogo do SEPE, e de ser o caso validación dos docentes para que as entidades puideran iniciar a execución da formación correspondente.
- Xestionáronse todas as solicitudes de autorización de exención. No caso de exentos do módulo de igualdade revisouse a documentación aportada antes de autorizalos e no caso dos MPL vinculados aos certificados revisouse a documentación e elaborouse un informe técnico baseándoa normativa de certificados para ser aceptado na DX antes de proceder a súa autorización na aplicación informática
- Desbloqueáronse as diferentes funcionalidades na aplicación SIFO3 atendendo as diferentes solicitudes das entidades beneficiarias recibidas para corrixir documentación ou datos erróneos envorcados na aplicación informática (modificación de horarios, de datas dentro do mesmo exercicio, de asistencias, de planificación, de avaliacións, etc.) e subsanacións a modo de exemplo as máis relevantes referíanse ás seguintes: de anticipos incorrectos, ou pagos parciais non procedentes ou de solicitudes de liquidacións con incidencias abertas en SIFO3.

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

- Autorizáronse e solicitouse ao SIFO modificacións para as que non estamos autorizados a facer directamente os técnicos, exemplo: anular actas de selección ou actas de avaliación.
- Respecto da tramitación das solicitudes de diplomas os técnicos da Fundación non puideron realizala en 2018 por non recibir da empresa contratada os informes e arquivos de control cos datos revisados de cada unha das accións formativas executadas. *(Ver actividade 3 desta Memoria)*

Posteriormente, o 20/12/2018, en reunión de traballo o responsable da subdirección informa que o cometido dos técnicos da Fundación ademais de desenvolver as tarefas espostas con anterioridade tamén será o responsable de desenvolver as tarefas de **supervisión** do equipo técnico da entidade externa contratada para a verificación da realización da formación, informando puntualmente ás persoas da DX que se asignen a dar apoio nesta materia.

Dentro da función de supervisión entran as tarefas de atender as súas dúbidas, e facer o seguimento do traballo desenvolto (tarefas desenvolvidas anteriormente pola Fundación, antes de que se solicitara o apoio técnico para as diferentes convocatorias de distintos procedementos) por este motivo creouse un instrumento de recollida de información sobre a revisión da documentación referida a esta fase 2 do seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas (ver actividade 2 desta memoria),

**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

Aínda que é de destacar o volume de solicitudes xestionadas, o volume de apoio técnico ás entidades e a dificultade técnica engadida na xestión realizada e tendo en conta tamén que a xestión do equipo técnico da FPGFT está vinculada á da empresa externa de verificación (para a fase 2 e 3 da convocatoria de PF2017) e tras o exposto con anterioridade, compróbase que non se puido iniciar a fase 3.

Tamén debe destacarse o significativo incremento de tarefas encomendadas para este exercicio (fundamentalmente as descritas na actividade 2 que tamén afectou ao incremento de tarefas das actividades 3 e 4 na porcentaxe vinculada coa nova actividade 2), obsérvase que noutras actividades como son a 5, 6 e 7 tívose que reducir a súa actividade en determinadas tarefas, pero como nesta actividade as tarefas non poden reducirse agora están sendo compartidas ou derivadas parte das tarefas exclusivamente de cotexo de datos.

En conxunto o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade 1 estímase que non alcanzou o obxectivo previsto no Plan de Actuación 2018 (nese momento descoñecía-se a contratación de empresa para desenvolver as tarefas de cotexo de datos) nun **42%** que no computo total da actividade da Fundación supuxo un **-25,06%**. *(nota: a redacción dos informes e ou borradores vinculados a esta actividade figuran computados na actividade nº 3 desta Memoria).*

**Localización física:** Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria. 15781 Santiago de Compostela.

**Recursos económicos empregados:** Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

**Recursos Humanos:**

- **Persoal asalariado,** coordinado pola directora xerente:  
A totalidade do traballo de apoio técnico e elaboración dos informes de cada un dos programas subvencionados na fase 2 foi desenvolvido exclusivamente polo persoal técnico da Fundación.
- **Persoal voluntario:** ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- **Beneficiarios Directos:**  
✓ A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

- ✓ Os membros do Padroado da Fundación.
  - ✓ As entidades solicitantes.
  - ✓ A entidade externa contratada para verificar as accións formativas
  - ✓ As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.
- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

**ACTIVIDADE Nº 2**

**Denominación:** "XESTIÓN DE OUTRAS ORDES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DE CONCESIÓN DAS BOLSAS".

**Data de realización:**

xaneiro - decembro 2018.

**Descrición da actividade:**


As seguintes actividades teñen o seu fundamento na encomenda de funcións que foi aprobada previamente na sesión ordinaria nº 3 do Padroado da FPGFT do 22/12/2008, plasmada na Orde do 27/01/2009 da Consellería de Traballo pola que se lle encomenda á FPGFT o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade Galega, como nos propios Estatutos da FPGFT.

En decembro de 2017 a Dirección Xeral de Emprego e Formación solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión de solicitudes de axudas presentadas ao amparo de diferentes Convocatorias de subvencións para o financiamento das Ordes de Formación para o Emprego e de concesión das Bolsas e Axudas.

- Ordes de Formación para o Emprego:
  - procedemento **TR310-A** (dirixidos a persoas traballadoras de empresas de sectores estratéxicos) en 2018 foron publicadas 3 convocatorias do procedemento **TR310-A**.
  - procedemento **TR301-P** (dirixidos a persoas traballadoras desempregadas con compromisos de contratación) en 2018 foron publicadas 3 convocatorias do procedemento **TR301-P**.
- Ordes das Bolsas e Axudas:
  - procedemento **TR301-V** (dirixidos a persoas traballadoras desempregadas) a xestión está vinculada aos participantes desempregados dos programas de formación da convocatoria publicada en 2017 que se executou ata o 30 de novembro de 2018.

Posteriormente o día 22/08/2018, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Orde do 07/08/2017 pola que se aprobaron as bases reguladoras do Bono emprego automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galicia e se procedía á súa convocatoria para o ano 2018.

- Orde do 07/08/2018:
  - procedemento **TR301-Y** (Bono emprego automoción para a formación con contratación) en 2018 foi publicada 1 convocatoria do procedemento **TR301-Y**.



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

# MEMORIA 2018 (PEMESFL)

## FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

### G70141924

O apoio técnico e xestión de solicitudes das diferentes Convocatorias dos anteditos 4 procedementos teñen como resultado, para 7 das 8 Convocatorias, unha actividade diferenciada en cada un dos tres momentos ou fases que se relacionan de seguido:

- Fase 1: “análise de solicitudes”.
- Fase 2: “seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas”.
- Fase 3: “seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas”.

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que as Convocatorias dos Programas de Formación son bianuais, non coincidentes cós anos naturais, polo que nun mesmo exercicio pódense levar a cabo as mesmas fases de distintas convocatorias, e incluso podería suceder que falte algunha fase por executar xa que moitas destas convocatorias teñen prazo de execución para o exercicio 2019.

#### PROCEDEMENTO TR310-A:

Convocatorias dirixidas a persoas traballadoras de empresas de sectores estratéxicos.

#### Fase 1: “análise de solicitudes”.

A actividade dos técnicos da Fundación afectou ás seguintes convocatorias:

- 1ª Convocatoria da Orde do 31/12/2017.

Elaboráronse distintos instrumentos de traballo:

- Ficha de recollida de información para poder desenvolver esta fase en condicións de fiabilidade e validez dos aspectos a revisar segundo convocatoria.
- Modelo de informe de situación para nutrir cos datos recollidos en cada unha das fichas de revisión de todas as solicitudes dos PF presentados, para informar, como mínimo, semanalmente da situación das revisións e da documentación susceptible de requirir para corrixir os déficits detectados na revisión inicial.

Informando puntualmente á Dirección Xeral para que puideran resolver no prazo establecido por convocatoria.


Cun orzamento para subvención de **3.051.020,82€**, na Fundación fíxose, en prazo, a revisión das **63 solicitudes presentadas**, , ademais tamén se desenvolveron as seguintes tarefas:

- detectáronse os requirimentos de solicitude,
- cumprimentouse a ficha de requisitos de cada expediente en sifo3,
- en caso de requirimentos: redactouse a carta de requirimento e se achegou ao sifo3,
- posteriormente remitiuse cada unha das cartas de requirimentos polo porta sinaturas ao asinante correspondente da carta do requirido á entidade solicitante.
- Posteriormente revisáronse e analizáronse as respostas emitidas.
- Informouse da situación final de cada unha das solicitudes presentadas

- 2ª Convocatoria da Orde do 26/06/2018.

Adaptáronse os distintos instrumentos de traballo elaborados para a primeira convocatoria:

- Ficha de recollida de información para poder desenvolver esta fase en condicións de fiabilidade e validez dos aspectos a revisar segundo convocatoria.
- Modelo de informe de situación para nutrir cos datos recollidos en cada unha das fichas de revisión de todas as solicitudes dos PF presentados, para informar, como mínimo, semanalmente da situación das revisións e da documentación susceptible de requirir para corrixir os déficits detectados na revisión inicial.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

Informando puntualmente á Dirección Xeral para que puideran resolver no prazo establecido por convocatoria.

Cun orzamento para subvención de **2.250.000€**, na Fundación fíxose, en prazo, a revisión das **74 solicitudes presentadas**, ademais tamén se desenvolveron as seguintes tarefas:

- detectáronse os requirimentos de solicitude,
- cumprimentouse a ficha de requisitos de cada expediente en sifo3,
- en caso de requirimentos: redactouse a carta de requirimento e se achegou ao sifo3,
- posteriormente remitiuse cada unha das cartas de requirimentos polo porta sinaturas ao asinante correspondente da carta do requirido á entidade solicitante.
- Posteriormente revisáronse e analizáronse as respostas emitidas.
- Informouse da situación final de cada unha das solicitudes presentadas

- 3ª Convocatoria da Orde do 07/12/2018.

A actividade desenvolvida, referida a esta 3ª convocatoria foi a atención de dúbidas e consultas das entidades que está contemplada na actividade nº 4 desta Memoria, xunto coa a adaptación dos distintos instrumentos de traballo elaborados para a primeira convocatoria que xa foran adaptados para a segunda:

- Ficha de recollida de información para poder desenvolver esta fase en condicións de fiabilidade e validez dos aspectos a revisar segundo convocatoria.
- Modelo de informe de situación para nutrir cos datos recollidos en cada unha das fichas de revisión de todas as solicitudes dos PF presentados, para informar, como mínimo, semanalmente da situación das revisións e da documentación susceptible de requirir para corrixir os déficits detectados na revisión inicial.

En 2018 aínda non estaba pechado o período de presentación de solicitudes é o día **11/02/19 inclusive**, cun orzamento para subvención de **1.500.000€**, por dito motivo o período de revisión iniciase ao remate do prazo de presentación.

**Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".**

Os Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, **teñen carácter bianual**, o prazo de execución das AAFF vai desde o 01/01/2018 ata o 31/07/2019

A actividade dos técnicos da Fundación afectou ás seguintes convocatorias:

- 1ª Convocatoria da Orde do 31/12/2017.

Os **56 PF con Resolución positiva** e con solicitude de accións formativas concedidas para executar en 2018 executáronse total ou parcialmente. A xestión desenvolvida polos técnicos da Fundación referida a esta fase do seguimento ten como actividades máis significativas as seguintes:

- Atención de todas as solicitudes realizadas polas entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, redacción de informes técnico sobre a solicitude presentada con xustificación referida á normativa que figura na Orde correspondente que figura na Convocatoria (exemplo: solicitude de modificación na data de execución concedida en resolución que afecta a orzamentos diferentes, entre 2018 e 2019)
- Tramitación dos anticipos solicitados que inclúe a comprobación en Resolución inicial ou en Resolución posterior de autorización de cambio de orzamento entre exercicios e comprobación de que a cantidade anticipada para o exercicio 2018 non é superior ao importe da formación que van a desenvolver no exercicio 2018, comprobación que a documentación obrigatoria a presentar coa solicitude de anticipo estea completa, redactar informe técnico coas comprobacións anteriores e impresión da documentación presentada por SIFO3 e continuación do procedemento de tramitación na Dirección Xeral.
- Revisión da documentación dos docentes propostos, comparación cos docentes propostos nas solicitudes, en caso de ser distintas persoas comprobouse a puntuación obtida en solicitude e a que se

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

obtería cos novos docentes respecto da valoración técnica que deu lugar ao financiamento da acción formativa en cuestión e similar ou superior e de ser o caso validación dos docentes para que poda iniciarse a execución.

- Desbloqueo de diferentes funcionalidades na aplicación SIFO3 a solicitude das entidades para corrixir documentación ou datos erróneos envorcados na aplicación informática.
- 2ª Convocatoria da Orde do 26/06/2018.

Os **24 PF con Resolución positiva** e con solicitude de accións formativas concedidas para executar en 2018 executáronse total ou parcialmente. A xestión desenvolvida polos técnicos da Fundación referida a esta fase do seguimento ten como actividades mais significativas as seguintes:

- Atención das solicitudes realizadas polas entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, solicitudes referidas á modificación na data de execución concedida en resolución que afecta a orzamentos diferentes, entre 2018 e 2019 o que obriga ao estudo da solicitude e da súa convocatoria para poder elaborar o informe técnico sobre a solicitude presentada con xustificación referida á normativa.
- Tramitación dos anticipos solicitados que inclúe a comprobación en Resolución inicial ou en Resolución posterior de autorización de cambio de orzamento entre exercicios e comprobación de que a cantidade anticipada para o exercicio 2018 non é superior ao importe da formación que van a desenvolver no exercicio 2018, comprobación que a documentación obrigatoria a presentar coa solicitude de anticipo estea completa, redactar informe técnico coas comprobacións anteriores e impresión da documentación presentada por SIFO3 e continuación do procedemento de tramitación na Dirección Xeral.
- Atención de outras solicitudes realizadas polas entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, o que obriga ao estudo da solicitude e da súa convocatoria para poder elaborar o informe técnico sobre a solicitude presentada con xustificación referida á normativa.
- Revisión da documentación dos docentes propostos, comparación cos docentes propostos nas solicitudes, en caso de ser distintas persoas comprobouse a puntuación obtida en solicitude e a que se obtería cos novos docentes respecto da valoración técnica que deu lugar ao financiamento da acción formativa en cuestión e similar ou superior e de ser o caso validación dos docentes para que poda iniciarse a execución.
- Desbloqueo de diferentes funcionalidades na aplicación SIFO3 a solicitude das entidades para corrixir documentación ou datos erróneos envorcados na aplicación informática.

**Fase 3: "seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas".**


Recórdase que os Programas de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, **teñen carácter bianual**, o prazo de execución remata a finais de 2019

- 1ª Convocatoria da Orde do 31/12/2017.

O prazo de execución afecta ata finais de xullo de 2019, por dito motivo a maioría dos **56 PF con Resolución positiva** a finais de 2018 non teñen remata a formación e nos casos nos que a actividade formativa non afecta a 2019 e que xa están rematados poden estar en período de xustificación de custos, sendo residual o nº de PF pechados coa liquidación presentada.

- 2ª Convocatoria da Orde do 26/06/2018.

O prazo de execución afecta ata finais de xullo de 2019, por dito motivo a maioría dos **56 PF con Resolución positiva** a finais de 2018 non teñen remata a formación e nos casos nos que a actividade formativa non afecta a 2019 e que xa están rematados poden estar en período de xustificación de custos, sendo residual o nº de PF pechados coa liquidación presentada.



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**PROCEDEMENTO TR301-P:**

Convocatorias dirixidas a persoas traballadoras desempregadas con compromisos de contratación

**Fase 1: “análise de solicitudes”.**

A actividade dos técnicos da Fundación afectou ás seguintes convocatorias:

- 1ª Convocatoria da Orde do 31/12/2017.

Elabórase o modelo da ficha de recollida de información, para poder desenvolver esta fase en condicións de fiabilidade e validez, dos aspectos a revisar segundo convocatoria.

Cun orzamento para subvención de **2.373.861,50€**, na Fundación fíxose en prazo a revisión das **32 solicitudes asignadas** dun total de **35 solicitudes presentadas**, e detectouse a documentación ou corrección de erros a requirir ao solicitante.

Informouse puntualmente á Dirección Xeral para que se puidera resolver no prazo establecido por convocatoria.

- 2ª Convocatoria da Orde do 26/06/2018.

Adaptáronse os distintos instrumentos de traballo elaborados para a primeira convocatoria:

- Ficha de recollida de información para poder desenvolver esta fase en condicións de fiabilidade e validez dos aspectos a revisar segundo convocatoria.

Cun orzamento para subvención de **1.800.000€**, na Fundación fíxose, en prazo, a revisión das **15 solicitudes asignadas** dun total de **23 solicitudes presentadas**, e detectouse a documentación ou corrección de erros a requirir ao solicitante.

Informouse puntualmente á Dirección Xeral para que se puidera resolver no prazo establecido por convocatoria.

- 3ª Convocatoria da Orde do 07/12/2018.

A actividade desenvolvida, referida a esta 3ª convocatoria foi a atención de dúbidas e consultas das entidades que está contemplada na actividade nº 4 desta Memoria. En 2018 aínda non estaba pechado o período de presentación de solicitudes é o día **11/02/19 inclusive**, cun orzamento para subvención de **1.500.000€**, por dito motivo o período de revisión iniciase ao remate do prazo de presentación.

**Fase 2: “seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas”.**

A actividade dos técnicos da Fundación afectou ás seguintes convocatorias:

- 1ª Convocatoria da Orde do 31/12/2017.

Na fase de execución das Accións Formativas é o período no que as entidades poden solicitar anticipos a conta e os técnicos da Fundación xestionaron as que recibiron da Dirección Xeral, as tarefas centráronse principalmente nas seguintes, ambas desenvolvidas en prazo:

- Atención das solicitudes realizadas polas entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, e derivadas á Fundación, referidas á modificación na data de execución concedida en resolución para un orzamento diferente, entre 2018 e 2019 o que obriga ao estudo da solicitude e

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**


---

da súa convocatoria para poder elaborar o informe técnico sobre a solicitude presentada con xustificación referida á normativa.

- Tramitación dos anticipos solicitados que ten unha dobre casuística:
  - Tramitación de anticipos de PF que non teñen modificacións nas datas previstas de execución respecto do solicitado:
    - Comprobase tanto a Resolución inicial como a cantidade que se solicitaba en concepto de anticipo para o exercicio 2018 xa que non pode ser superior ao importe da formación que ían desenvolver no exercicio 2018,
    - Comprobase que a documentación obrigatoria a presentar coa solicitude de anticipo estea completa,
    - Redactouse informe técnico coas comprobacións anteriores para presentar xunto coa documentación presentada por SIFO3 para axilizar a continuación do procedemento de tramitación na Dirección Xeral.
  - Tramitación de anticipos de PF que teñen modificacións nas datas previstas de execución respecto do solicitado: Ás tarefas especificadas no punto anterior se suma a xestión de informar a entidade da obrigatoriedade de facer a solicitude de reaxuste de anualidades referida á modificación na data de execución que afecta a orzamentos diferentes, entre 2018 e 2019, unha vez recibida esta solicitude se fai constar tanto na documentación a aportar á Dirección Xeral como se indica no informe técnico redactado pola Fundación
- 2ª Convocatoria da Orde do 26/06/2018.

Na fase de execución das Accións Formativas é o período no que as entidades poden solicitar anticipos a conta e os técnicos da Fundación xestionaron as que recibiron da Dirección Xeral, as tarefas centráronse principalmente nas seguintes, ambas desenvolvidas en prazo:

- Atención das solicitudes realizadas polas entidades beneficiarias a través da sede electrónica da Xunta, e derivadas á Fundación, solicitudes referidas á modificación na data de execución concedida en resolución para un orzamento diferente, entre 2018 e 2019 o que obriga ao estudo da solicitude e da súa convocatoria para poder elaborar o informe técnico sobre a solicitude presentada con xustificación referida á normativa.
- Tramitación dos anticipos solicitados que ten unha dobre casuística:
  - Tramitación de anticipos de PF que non teñen modificacións nas datas previstas de execución respecto do solicitado:
    - Comprobase tanto a Resolución inicial como a cantidade que se solicitaba en concepto de anticipo para o exercicio 2018 xa que non pode ser superior ao importe da formación que ían desenvolver no exercicio 2018,
    - Comprobase que a documentación obrigatoria a presentar coa solicitude de anticipo estea completa,
    - Redactouse informe técnico coas comprobacións anteriores para presentar xunto coa documentación presentada por SIFO3 para axilizar a continuación do procedemento de tramitación na Dirección Xeral.
  - Tramitación de anticipos de PF que teñen modificacións nas datas previstas de execución respecto do solicitado: Ás tarefas especificadas no punto anterior se suma a xestión de informar a entidade da obrigatoriedade de facer a solicitude de reaxuste de anualidades referida á modificación na data de execución que afecta a orzamentos diferentes, entre 2018 e 2019, unha vez recibida esta solicitude se fai constar tanto na documentación a aportar á Dirección Xeral como se indica no informe técnico redactado pola Fundación



Fundación Pública  
Galega de Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**Fase 3: “seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas”.**

- 1ª Convocatoria da Orde do 31/12/2017.

Esta convocatoria tamén é bianual, e aínda que se iniciou en 2018 non remata o prazo de execución ata o 31 de xullo de 2019, por dito motivo os PF con Resolución positiva a finais de 2018 non teñen porque ter rematada a formación.

- 2ª Convocatoria da Orde do 26/06/2018.

Esta convocatoria tamén é bianual, e aínda que se iniciou en 2018 non remata o prazo de execución ata o 2019, por dito motivo os PF con Resolución positiva a finais de 2018 non teñen porque ter rematada a formación.

**PROCEDEMENTO TR301-Y:**

Convocatoria dirixida a persoas traballadoras desempregadas para a formación con contratación (Bono emprego automoción)

A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a finais de agosto de 2018 solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Orde do 07/08/2018.

**Fase 1: “análise de solicitudes”.**


A actividade dos técnicos da Fundación afectou ás seguintes convocatorias:

- Elaborouse unha “ficha informe de recollida de información” para poder revisar todas as solicitudes dos PF presentados segundo os criterios indicados nesa convocatoria.
- Revisáronse as solicitudes presentadas que afectaron a máis de 600 traballadores da automoción.
- Informouse á DX puntualmente da situación das revisións e da documentación susceptible de requirir para corrixir os déficits detectados na revisión inicial.
- En caso de requirimentos: redactáronse as cartas de requirimentos. Posteriormente revisáronse e analizáronse as respostas emitidas e informouse da situación final de cada unha das solicitudes presentadas
- Revisouse segundo os criterios da convocatoria outra documentación relacionada que foi asignada aos técnicos da Fundación (fíxose un reparto de documentación con outros técnicos da DX)
- A petición da DX tamén se elaboraron diferentes documentos para a Resolución da convocatoria:
  - Proposta - Resolución de recoñecemento da obriga.
  - Proposta de Resolución.
  - Resolución para asinar a Secretaria Xeral de Emprego.

Cun orzamento para subvención de **3.000.000€**, na Fundación fíxose, en prazo, a revisión das solicitudes presentadas, que afectaron a máis de **600 traballadores** da automoción. Informando puntualmente á Dirección Xeral para que puideran resolver no prazo establecido por convocatoria. Tarefas resoltas en prazo por parte dos técnicos da Fundación.

**Fase 2: “seguimento da execución e da xustificación de custos das AAFF subvencionadas”.**

Para a xestión desta convocatoria a fase 2 e 3 forman un único conxunto, xa que coa Resolución de aprobación as entidades recibían a solicitude para remitir ata finais de decembro a documentación da execución e dos custos finais, esta fase prevista para 2019, non foi encargada á Fundación en 2018.



Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**PROCEDEMENTO TR301-V:**

Convocatorias de bolsas e axudas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas que participan en accións formativas de formación profesional para o emprego (Formación de Ocupados TR302-A, convocatoria da Orde do 22/08/2017 con prazo de execución da formación do 30/11/2018).

Este procedemento **TR301-V** afecta ás convocatorias da Orde do 08/03/2017 e da Orde do 31/05/2018

A actividade dos administrativos da Fundación afectou ás seguintes convocatorias:

Orde do 08/03/2017→

O nº de solicitudes presentadas do procedemento 301-V foi de **240 solicitudes**, as tarefas asignadas ao equipo administrativo da Fundación foron xestionadas ao **100%**.

Tamén débese ter en conta que este procedemento afecta a diferentes convocatorias (AFD, Ocupados, Compromiso de Contratación) e que **se estima** que o presuposto para a Orde de Ocupados alcanza o 20% do orzamento da subvención que foi **474.772,30€** de 2.373.861,50€.

Orde do 31/05/2018→

O nº de solicitudes presentadas do procedemento 301-V foi de **300 solicitudes**, as tarefas asignadas ao equipo administrativo da Fundación estaban en execución a finais do 2018.

Recórdase que este procedemento afecta a diferentes convocatorias (AFD, Ocupados, Compromiso de Contratación) e que **se estima** que o presuposto para a Orde de Ocupados alcanza o 20% do orzamento da subvención que foi **836.724,80€** de 4.183.624€.

Tamén, por parte da DX, encargouse ao equipo administrativo da Fundación outras **tarefas de revisión**, referidas ao procedemento TR301-P, é destacable sinalar que a xestión das bolsas e axudas do procedemento TR301-P non está asignado ao equipo administrativo da Fundación.

En concreto leváronse a cabo os anteditos encargos efectuados ao longo de 2018:

- revisión do traballo da xefatura territorial de Pontevedra de 25 solicitudes de axudas referidas ao procedemento TR301-P.
- revisión da documentación e a elaboración dos cálculos de pagos.

Tarefas ambas desenvolvidas en tempo e forma.

**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

Centrándonos na xestión da FPGFT de ditas convocatorias abertas en 2018, cumpre sinalar o seguinte:

- Respecto ás previsións que figuran no Plan de Actuación 2018 soamente se axustou á realidade a xestión de axudas e bolsas da convocatoria TR301-V que afectaba ás solicitudes das persoas traballadoras desempregadas dos PF2017 de Ocupados do procedemento TR302-A.
- Respecto á previsión da xestión dos procedementos TR310-A e TR301-P considerábase no Plan de Actuación que habería unha convocatoria por procedemento pero foron publicadas 3 convocatorias para cada un dos procedementos. Como as convocatorias 1ª e 2ª foron bianuais, se desenvolveron na súa totalidade as actividades da fase 1 de revisión das solicitudes, pero non se pechou en 2018 o prazo de execución que se corresponde coa 2ª fase, estando pendente de desenvolver a 3ª fase de xustificación económica. Polo que

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

se refire á 3ª convocatoria afectou exclusivamente ao asesoramento de entidades interesadas na súa publicación, xa que o prazo de solicitudes estaba aberto ata o inicio de 2019.

Estímase que tanto por ser unha novidade como por descoñecer que se publicaría máis dunha convocatoria por procedemento en 2018, non se fixo unha previsión realista do tempo que levaría atendela por non ter indicadores previos nin de volume de solicitudes recibidas nin das particularidades de ditas convocatorias.

- Por último é destacable considerar que entre as previsións do Plan de Actuación 2018 tampouco figuraba a xestión da convocatoria do TR301Y de Bono Emprega, xa que foi encargada a finais do mes de agosto, aumentando o desvío entre a previsión para esta actividade nº 2 no Plan de Actuación 2018 e os resultados que se indican nesta Memoria de Actividades 2018.

Por todo o antedito, considerase que, en conxunto, o grao de cumprimento da actividade nº 2 superou triplicou a estimación que figuraba no Plan de Actuación, alcanzou o **30% da actividade da Fundación no exercicio 2018** cando no Plan de Actuación 2018 figuraba unha estimación do **10,04%** (*nota: a redacción dos informes vinculados a esta actividade figuran computados na actividade nº 3 desta Memoria*).

**Localización física:** Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria. 15781 Santiago de Compostela.

**Recursos económicos empregados:** Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado, coordinado pola directora xerente:

A totalidade do traballo de xestión, análise, control, seguimento, atención, redacción e elaboración das propostas de requirimentos e demais comunicacións e dos informes de cada un dos programas subvencionados foi desenvolvido exclusivamente polo persoal técnico da Fundación, excepto as tarefas de xestión referidas ás bolsas e axudas que foi desenvolvido polo persoal administrativo da Fundación.

- Persoal voluntario: ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos:
  - ✓ A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - ✓ Os membros do Padroado da Fundación.
  - ✓ As entidades solicitantes.
  - ✓ As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.
- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

**ACTIVIDADE Nº 3:**

**Denominación:** "INFORMES, ESTUDOS E GRUPOS DE TRABALLO 2018".

**Descrición da actividade:**

Dende o exercicio 2010 a Fundación ven elaborando diversos informes, estudos e propostas tanto a petición da actual Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, antiga Dirección Xeral de Emprego e Formación, como por iniciativa propia da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo. Ditos informes e estudos teñen como obxectivo dar resposta ás solicitudes presentadas ou ás necesidades detectadas.

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---


Tamén, dende finais do exercicio 2011 os técnicos da Fundación participaron en grupos de traballo para o deseño da nova aplicación informática SIFO3 para a xestión das distintas iniciativas da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral (Accións de Formación para Desempregados, Plans de Formación Intersectoriais e Sectoriais, Fondo Social Europeo Ocupados, Accións de Apoio e Acompañamento á Formación, e outras posibles) colaborando especialmente no referido ás convocatorias para a subvención de programas de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

No exercicio 2018 realizáronse diferentes actividades (informes, propostas, estudos e demais documentación solicitada) para a Dirección Xeral, referidas a continuación:

- **Informes, Estudos e Propostas de Mellora** (tanto de procedementos como de instrumentos ou ferramentas de xestión):

Un dato a destacar é que co aumento de convocatorias de diferentes procedementos asignados á Fundación a metade do exercicio 2018 xa se tiñan superado o nº de informes técnicos elaborados polos técnicos de La Fundación, previstos no Plan de Actuación 2018 para todo o exercicio. Relátanse de seguido algúns dos mais significativos:

- **INFORMES.** Presentáronse a longo do 2018 múltiples informes referidos ás distintas fases de xestión das diferentes convocatorias dos procedementos TR302-A, TR310-A, TR301P, TR301-V e TR301-Y, especialmente numerosos son os informes das fases 1 de revisión de solicitudes que afectaron a 5 das convocatorias viventes en 2018.
- **ESTUDOS / INFORMES.** Presentáronse a longo do 2018 numerosos estudos e informes referidos na súa maioría á situación e a problemática dos PF de Ocupados concedidos e sobre suxestións das entidades beneficiarias referidas ás dificultades encontradas na fase de execución, especialmente á hora de captación de alumnos para as AAFF programadas en base ás limitacións impostas pola nova normativa de aplicación e as novidades da convocatoria referidas ás sancións de posibles incumprimentos e posibilidades de minoracións, algunhas das cales facían referencia a incumprimentos das condicións que fundamentaron a avaliación técnica cuxas previsións non eran capaces de cumprir.
- **PROPOSTAS DE MELLORA,** O 22/10/2018 solicitouse informe para o día 26 con propostas de mellora e flexibilización para o novo texto da orde PF 2018/2019 do procedemento TR302-A (ocupados). Informe entregado o día 26 de outubro de 2018, xunto cun borrador do texto da convocatoria de 2017, con anotacións a pe de páxina, nos artigos que afectan á casuística que desembocou na falta de execución de parte dos PF concedidos en dita convocatoria.
- **BORRADOR DO TEXTO DE OCUPADOS PARA PRÓXIMA CONVOCATORIA,** O 02/11/2018 solicitouse para a seguinte semana unha proposta de borrador do texto para a próxima convocatoria de Ocupados (TR302-A). O día 08/11/2018 preséntanse os seguintes documentos:
  - Relación de cambios incorporados ao borrador da próxima Orde tras a revisión das propostas de mellora aportadas pola FPGFT
  - Borrador do texto da convocatoria para 2019-2020, con texto novo (en verde) e en vermello e tachado o retirado, xunto coas anotacións ao pé de cada páxina afectada
- **INFORMES DE PAGAMENTOS.** Redactáronse, a petición da xefatura do servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral, diferentes informes ao longo do exercicio coa relación de pagamentos tramitados á Intervención Delegada correspondentes a cada un dos PF de cada unha das convocatorias dos procedementos encargados ao equipo técnico da Fundación.
- **INSTRUMENTO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.** O día 20 de decembro de 2018, a Dirección Xeral solicita ao equipo técnico da Fundación para o desenvolvemento da actividade da empresa IDEARA a elaboración dun instrumento de recollida da información sobre a fase de execución da formación, xa rematada para que se podan tramitar os diplomas e se poda iniciar posteriormente a fase de revisión da xustificación económica dos PF realizados. Instrumento de recollida de información entregado á Dirección Xeral o día 21/12/2018.

  
Fundación Pública  
Galega de Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

- **Outro tipo de informes encargado ao equipo técnico, entregados en prazo:**
  - Informes sobre as AAFF de PF con renuncia para recalcular o nº de visitas que debería facer a empresa IDEARA referido ao procedemento TR302-A (realizado xullo)
  - Informes diarios da situación do estado da instrución das solicitudes das diferentes convocatorias do FSE- TR310A + TR301P en fase de revisión das solicitudes.
  - Informes periódicos sobre renuncias de PF do TR302-A
  - Informes solicitados sobre xestión das Ordes levadas desde a FPGFT

**GRUPOS DE TRABALLO**

Por outro lado, neste pasado exercicio 2018 tiveron lugar diferente tipo de reunións de traballo, a modo de exemplo polo seu significado expóñense algunhas das máis relevantes, a participación nestas reunións tamén supuxeron a preparación de documentación adecuado ao tema a tratar e en numerosas ocasións a creación de documentos posteriores encargados aos técnicos da Fundación, algúns dos máis significativos son:

**Reunións semanais** do equipo técnico da Fundación xunto coa súa xerente con responsables da subdirección para tratar os temas pendentes e facer seguimento do avance e da problemática das diferentes tarefas asignadas referidas ás diferentes convocatorias dos distintos procedementos xestionados (total ou parcialmente) na Fundación (grupos desenvolvidos ata o mes de setembro de 2018)

**Reunións con técnicos de ALTIA**, os técnicos da Fundación tamén participaron, a petición, na totalidade de reunións de traballo nas que foron convocados ao longo do 2018 para intentar dar solucións aos diferentes tipos de incidencias xurdidas coa xestión a través da aplicación SIFO3 (aplicación unificadora da xestión de todas as convocatorias do sistema de Formación para o Emprego), fundamentalmente na xestión na fase de solicitude e na de execución nos diferentes procedementos abertos que afectan a PF. Dentro das tarefas específicas desenvolvidas polos técnicos da fundación destaca a aclaración das dúbidas ou suxestións xurdidas en ditas reunións de traballo e entrega de guións ou propostas de mellora para intentar aportar solucións á diversa problemática detectada ao longo de 2018..

**Reunión 08/11/2018 borrador de próxima Orde de Ocupados (TR302-A)**

O obxectivo desta reunión é tratar o contidos dos documentos solicitados á Fundación para a próxima convocatoria de Ocupados.

- Relación de cambios incorporados ao borrador da próxima Orde tras a revisión das propostas de mellora aportadas pola FPGFT
- Borrador do texto da convocatoria para 2019-2020, con texto novo (en verde) e en vermello e tachado o retirado, xunto coas anotacións ao pé de cada páxina afectada

**Reunión 22/11/2018 borrador de próxima Orde de Ocupados (TR302-A)**


O obxectivo desta reunión é expoñer vantaxes e contras de propostas de mellora, diferentes puntos de vista antes de tomar decisións referido aos cambios substanciais respecto da Convocatoria de 2017, a próxima estímase que non poderá saír antes de 2019

**Reunión 19/12/2018 para a mellora do impacto da formación Oferta en Galicia**

O obxectivo desta reunión foi intentar dar solucións que faciliten un maior impacto da formación das persoas traballadoras galegas na próxima convocatoria de Oferta, prevista a súa publicación para o primeiro semestre de 2019.

**Reunión 21/12/2018 con IDEARA sobre o seguimento da execución da formación PF2017 (TR302-A):**

Reunión celebrada entre o persoal da empresa IDEARA, as persoas responsables da Dirección Xeral e a directora xerente e o equipo técnico da Fundación nas instalacións da Consellería.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

O obxectivo desta reunión foi expoñer á entidade IDEARA o desenvolvemento das tarefas de seguimento para elaborar os informes referidos a esta fase e tamén as referidas á liquidación dos PF. Por este motivo informouse do método de traballo que deben de seguir para dar por rematada a revisión da execución da formación de Oferta facilitando e explicando o uso dun instrumento elaborado especialmente para poder rematar con seguridade esta fase de revisión que impide tramitar os diplomas do alumnado e iniciar a fase de liquidación. Aproveitouse para adiantar as liñas xerais para o seu desenvolvemento futuro das tarefas referidas á revisión das xustificacións económicas presentadas nas solicitudes de liquidación.

**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores que figuraban no Plan de Actuación 2018, tendo en conta o aumento de convocatorias susceptibles de elaboración de informes e tendo en conta a participación en borradores de próximas convocatorias ou a formación sobre método de traballo aportado, pode resumirse do seguinte modo:

- Respecto a Informes e Estudos a cuantificación prevista no Plan de Actuación 2018 **superouse nun 30%**, e elaboráronse en tempo todos os informes, propostas e estudos solicitados.
- Respecto aos Grupos de Traballo **superouse nun 30%**, colaborando, asistindo e participando en todas as reunións convocadas.

Polo que se considera que en conxunto o grao de cumprimento da **actividade superou o obxectivo previsto nun 30%**.

**Localización física:** Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2018

**Recursos económicos empregados:** os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

**Recursos Humanos:**

- **Persoal asalariado:** a totalidade do traballo foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación, contando coa directora xerente para as tarefas de coordinación:
  - ✓ Informes e estudos: foron desenvolvidos polos técnicos da Fundación.
  - ✓ Grupos de Traballo 2018: participaron os técnicos da Fundación.
- **Persoal voluntario:** ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- **Beneficiarios Directos:**
  - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - Os membros do Padroado da Fundación.
  - As entidades colaboradoras da D.X.

- **Beneficiarios Indirectos:**

As entidades solicitantes.

Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.



Fundación Pública  
Galega de Formación  
para o Traballo  
G - 70141924



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**ACTIVIDADE Nº 4:**

**Denominación:** "ASESORAMIENTO TÉCNICO e DIFUSIÓN DO SISTEMA".

**Descrición da actividade:**

No exercicio 2018 mantívose esta actividade iniciada no ano 2010.

**ASESORAMIENTO TÉCNICO:**

O Asesoramento facilitado encádrase nas diferentes Iniciativas de Formación para o Emprego sendo a máis significativa a **Formación de Oferta** que comprende os Programas de Formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e as Accións Formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados (procedemento **TR302-A**) co fin de ofrecerlles unha formación que lles capacite para o desempeño cualificado das profesións e o acceso ó emprego.

Pero en este exercicio o **asesoramento incrementouse** coa publicación de diferentes Convocatorias de subvencións para o financiamento de outras Ordes de Formación para o Emprego (procedementos: **TR310-A, TR301-P e TR301-Y**) e de concesión das Bolsas e Axudas (procedemento **TR301-V**), *ver actividade nº 2 desta Memoria de Actividades 2018.*

As actuacións de asesoramento centráronse en dúas áreas principais de actuación:

- **Atención de consultas** (entidades solicitantes e/ ou beneficiarias e usuarios en xeral)

Das consultas atendidas a entidades solicitantes e/ ou beneficiarias e usuarios en xeral a temática principalmente pódese agrupar en 5 apartados específicos que sumaron o 100% das consultas atendidas entre chamadas telefónicas e/ou correos electrónicos (faise unha estimación de máis de 6.000 consultas atendidas):

- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación de oferta, alcanzaron o 30% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación en empresas de sectores estratéxicos, 25% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación con compromiso de contratación e de formación de desempregados na automoción, 20% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre bolsas e axudas, 10% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre outros temas (formación de demanda, cualificacións profesionais, entre outras), 10% do total no ano 2018.

- **Atención as entidades contratadas pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral** (entidades solicitantes e/ ou beneficiarias )

As consultas de entidades contratadas atendidas polos técnicos na Fundación, versaron fundamentalmente sobre incidencias técnicas de diferente natureza, pero sempre vinculadas a distinto tipo de xestión dos Programas Formativos:

- ✓ **Entidade ALTIA:**  
Continuouse e ampliouse a atención dúbidas (por escrito, telefónica e /ou presenciais) sobre interpretación da convocatoria de oferta e dos sectores estratéxicos, fundamentalmente, todas aquelas que afectaban á programación da aplicación SIFO3 na fase de xestión da execución da formación, para dar solución ás incidencias xurdidas coa posta en marcha da totalidade das fases de xestión dos Programas Formativos na aplicación informática (anteriormente para PF2014, o uso da aplicación SIFO3 soamente afectou á última fase, a dá xustificación económica).
- ✓ **Entidade IDEARA:**

  
Fundación Pública  
Galega de Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

# MEMORIA 2018 (PEMESFL)

## FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

### G70141924

---

Atendéronse dúbidas (por escrito, telefónica e /ou presenciais) sobre interpretación da convocatoria de oferta referidas á verificación da execución da formación que xurdían nas visitas en tempo real de todas as accións formativas que realizou o equipo de traballo de IDEARA.

Tamén déuselle aos técnicos da entidade formación do método de traballo da Fundación para facilitar o entendemento do arquivo elaborado e entregado en xornada de traballo desenvolvida nas instalacións da Dirección Xeral para que puideran desenvolver as tarefas que tiñan pendentes de verificar da fase execución (perfil do alumnado, partes de asistencia, informes dos controis de teleformación, etc).

#### **DIFUSIÓN DO SISTEMA:**

Neste exercicio continuouse coa actualización e posterior mantemento da **páxina web da Fundación**, como un medio de difusión actividades da Fundación aos usuarios potenciais e de información e sensibilización para achegar aos usuarios información de interese para estes, facendo fincapé na difusión do Sistema da Formación para o Emprego e nos temas relacionados co mundo laboral, informando especialmente sobre as novas de formación para os traballadores (ocupados e ou en situación de desemprego) e das cualificacións profesionais (a Fundación é un punto de información recoñecido para a información das convocatorias de recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia profesional).

A través da páxina web tamén se atenderon consultas remitidas ao correo de información da Fundación.

#### **Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización desta actividade que poden apreciarse no Plan de Actuación 2018 foi o seguinte:

Respecto da previsión no **asesoramento técnico** era a de atender con claridade e prontitude á totalidade das consultas, dúbidas ou suxestións recibidas diariamente, débese ter en conta que no exercicio 2018 executouse a formación concedida ao abeiro da Convocatoria dos Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, como en exercicios anteriores, pero tamén se publicaron **outras 9 Convocatorias de diferentes procedementos** encargados á Fundación, polo que o número de consultas rexistradas, tanto de entidades beneficiarias como de entidades contratadas pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, respecto ao exercicio 2017 aumentou de maneira significativa.

En conxunto o grao de cumprimento das previsións no asesoramento estímase que superou as previsións do Plan de Actuación, xa que foron atendidas o 100% das consultas (sendo o seu número un 50% superior ao exercicio anterior) e superando o 95% na rapidez nas respostas e o 95% de satisfacción nos usuarios que eran os indicadores previstos.

Respecto á **difusión do sistema** de formación para as persoas traballadoras:

- A actualización e mantemento da **páxina web** tivo lugar ao longo do exercicio 2018, neste exercicio a actualización de contidos foi diaria tal e como estaba previsto.
- A participación en **eventos externos**, é unha actividade circunstancial dentro das tarefas desempeñadas pola Fundación, neste exercicio non tivo lugar ningún evento externo, polo que a falta desta función non ten un peso relevante na porcentaxe de tempo empregado nesta actividade nº 4.

En conxunto o grao de cumprimento das previsións na difusión estímase que o grao de cumprimento global desta actividade superou o obxectivo previsto no Plan de Actuación 2018 nun **40%** que no computo total da actividade da Fundación supuxo un **+1,30%**.

**Localización física:** Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2018.



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**Recursos económicos empregados:** os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado:
  - A maioría das tarefas propias do asesoramento foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación.
  - As tarefas de resolución de dúbidas e/ou información sobre bolsas e axudas foi desenvolvido polo persoal administrativo da Fundación.
  - As tarefas de difusión referidas á páxina web foron desenvolvidas pola Directora/Xerente da Fundación, contando coa colaboración do persoal técnico e administrativo, soamente en momentos puntuais.
- Persoal voluntario: ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos:
  - Usuarios do sistema de formación e emprego (organizacións empresariais e sindicais, consultoras, empresas en xeral, traballadores en situación de desemprego ou empregados).
  - O equipo técnico das empresas ALTIA e IDEARA
- Beneficiarios Indirectos: Ningún.

**ACTIVIDADE Nº 5:**

**Denominación:** "XESTIÓN DA CALIDADE".

**Descrición da actividade:**

O Sistema de Xestión da Calidade, baseado nas esixencias da Norma UNE-EN-ISO 9001: 2008, recolle os oito principios de xestión da calidade. A implantación deste Sistema iniciouse no exercicio 2010, levándose a cabo no exercicio 2011.


Con data 6 de xuño de 2011 emitiuse o certificado de AENOR do "Sistema de Xestión da Calidade" con validez ata o ano 2014.

Con data 8 de maio de 2014 renovouse o certificado de AENOR do "Sistema de Xestión da Calidade" con validez ata o ano 2017. O que supuxo a revisión de todos os procesos incluídos no noso Sistema de Xestión.

Ao longo do 2012 e ata actualidade mantense o cumprimento de todos os requisitos da certificación que afectan ás actividades que figuran no Sistema de Xestión.

Desde 2011, no segundo trimestre, lévanse a cabo con carácter anual as correspondentes auditorías a última tivo lugar o 9 de maio de 2018. Ditas auditorías externas de AENOR serven para comprobar que se estaban a cumprir os requisitos que figuran no certificado, sendo positivo o resultado das mesmas.

No exercicio 2018 a responsable de calidade desenvolveu as súas tarefas seguindo os criterios marcados pola empresa externa para acadar a adaptación da norma á versión 2015 e para a preparación do proceso de auditoría, facendo o control e seguimento para que os procesos establecidos no sistema de calidade se cumpriran por parte de todo o persoal da Fundación



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

Debido ao mantemento do persoal e ao significativo incremento de tarefas encomendadas para este exercicio (fundamentalmente as descritas na actividade 2 que tamén afectou ao incremento de tarefas das actividades 3 e 4 na porcentaxe vinculada coa nova actividade 2), obsérvase que noutras actividades como son a 5, 6 e 7 tívose que reducir a súa actividade en determinadas tarefas, pero sempre tendo presente o desenvolvemento destas cuns estándares de calidade suficientes.

En conxunto o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade que figuran no Plan de Actuación 2018 estímase que non alcanzou o obxectivo previsto no Plan de Actuación 2018 nun **33%** que no computo total da actividade da Fundación supuxo un **-0,25%**.

**Localización física:** Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Traballo e Benestar 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2018.

**Recursos económicos empregados:**

- Os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.
- Honorarios da empresa auditora.

**Recursos Humanos:**

- **Persoal asalariado (UNE-EN ISO 9001: 2015)**
  - Unha das técnicas da Fundación é a Responsable de Calidade. Dita responsable fixo o control e seguimento do cumprimento, por parte de todo o persoal da Fundación, dos procesos establecidos no sistema de calidade, en coordinación directa coa directora xerente e contando coa colaboración do resto do persoal técnico e administrativo soamente en momentos puntuais.
  - Persoal da empresa consultora.
  - Supervisión da directora xerente da Fundación.
- **Persoal voluntario:** ningún.


**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- **Beneficiarios Directos:**
  - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
  - Os membros do Padroado da Fundación.
  - Usuarios da Fundación.
- **Beneficiarios Indirectos:** Ningún.

**ACTIVIDADE Nº 6:**

**Denominación:** "DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS EN GALICIA"

**Descrición da actividade:**



Esta actividade que figura no Plan de Actuación para 2018 encadrase no conxunto de actividades de mellora da formación profesional para o emprego, neste caso os resultados serán de utilidade para planificar en próximas

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

convocatorias a futura formación atendendo a necesidades reais galegas. A intención e difundilo sendo publicados na sede electrónica da Fundación.

Esta actividade basease unha análise previa dos seguintes factores:

- ✓ a eficacia do Sistema observando a correspondencia entre os resultados e as metas establecidas.
- ✓ a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados, respecto aos resultados obtidos.
- ✓ a incidencia da formación tanto na inserción como para o mantemento e mellora do emprego en Galicia.

Un dos aspectos destacados na actividade é que a empresa externa contratada é supervisada pola directora xerente da Fundación, coa presentación de informes mensuais de seguimento do traballo desenvolvido remitidas desde a empresa contratada co fin de corrixir, se fora necesario, os posibles desvíos sobre o programado. Respecto das tarefas desenvolvidas sobre o estudo destacan as seguintes.

- Establecemento dos factores a avaliar.
- Identificación dos diferentes beneficiarios (universo) e selección das mostras dos universos a estudar.
- Elaboración dos cuestionarios atendendo ás variables a estudar.
- Remisión dos cuestionarios aos beneficiarios das convocatorias de Programas de Formación.
- Recepción e análise cuantitativa e cualitativa das respostas acadadas. Esta tarefa está en desenvolvemento ao remate do exercicio 2018 e o seu peche xunto coa seguintes tarefas quedan pospostas para o exercicio 2019:
  - Extracción das conclusións.
  - Redacción do estudo de detección de necesidades formativas en Galicia.
  - Labores de edición.
  - Presentación do Estudo ao Padroado e á DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL.
  - Publicación do Estudo na sede electrónica da Fundación.

**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

Debido ao desenvolvemento parcial desta actividade en 2018, o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores do Plan de Actuación 2018 é como sigue:

- Respecto á análise previa dos criterios de eficacia, eficiencia e incidencia previos ao traballo concreto para o desenvolvemento do Estudo, pódese indicar que foi realizado o que permitiu determinar os factores a avaliar.
- Respecto ao resto das tarefas que darán por resultado a presentación do estudo, están avanzadas pero o seu remate non terá lugar ata o primeiro trimestre de 2019, prazo que figura por contrato, 6 meses contando desde o mes de setembro de 2018, por tanto as actividades últimas referidas as propostas e conclusións xunto á presentación do estudo, e posterior publicación na web, están pospostas para o exercicio 2019

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

Tal e como se explicou na actividade 5, debido ao mantemento do persoal e ao significativo incremento de tarefas encomendadas para este exercicio (fundamentalmente as descritas na actividade 2 que tamén afectou ao incremento de tarefas das actividades 3 e 4 na porcentaxe vinculada coa nova actividade 2), obsérvase que noutras actividades, como nesta, tívose que retrasar o inicio da súa actividade.

En conxunto o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade que figuran no Plan de Actuación 2018 estímase que non alcanzou o obxectivo previsto no Plan de Actuación 2018 polos motivos anteriormente expostos, nun **58,9%** que no computo total da actividade da Fundación supuxo un **-4,30%**.

**Localización física:** Servizo técnico exterior, dirixido dende as oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** De setembro a decembro 2018

**Recursos económicos empregados:**

- Os propios das empresas externas contratadas, para a realización da actividade.
- Os propios das oficinas da FPGFT.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado
  - ✓ A directora xerente da Fundación foi a responsable da supervisión, control e dirección do traballo externo, contando coa colaboración do persoal técnico e administrativo que precise en momentos puntuais.
  - ✓ O persoal da empresa contratada é a responsable de materializar as especificacións que figuraban no seu contrato, baixo a supervisión directa da xerencia asistida puntualmente polo persoal técnico e/ou administrativo.
- Persoal voluntario: ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos:
  - Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - Os membros do Padroado da Fundación.
  - As entidades solicitantes.
  - As empresas que colaboran na xestión da formación.
  - Usuarios da FPGFT
- Beneficiarios Indirectos  
Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

**ACTIVIDADE Nº 7:**

**Denominación:** “DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB COMO SEDE ELECTRÓNICA DA FPGFT”

**Descrición da actividade:**



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

Esta actividade diferenciouse en distintas fases, cada unha delas relacionada cun área específica desenvolvida en dita Sede Electrónica (páxina web), tomando como base os fundamentos básicos. A Sede Electrónica (páxina web) ao longo de 2018 tamén precisou un crecemento continuado para dar cabida aos servizos e prestacións que dende a FPGFT ofrecéronse ao público. A función principal desta actividade centrouse en diferentes tarefas:

1. Hardware: Soporte técnico, mantemento e aloxamento anual da páxina web.
2. Software:
  - Ampliación de almacenamento de datos e na velocidade de procesamento destes.
  - Busca e actualización diaria de información específica e noticias, envío masivo de correos.
  - Servizos ofertados pola FPGFT:
    - ✓ **“Mapa de Recursos Formativos”**. Neste 2018 mantívose a actualización do buscador de Entidades Formativas, Centros de Formación e Cursos en toda Galicia.
    - ✓ **“Máis 45”**. Neste 2018 mantívose, en funcionamento, este foro de intercambio de experiencias e opinións especializado na problemática laboral e formativa para atender as particularidades do colectivo maior de 45 anos co fin de mellorar o emprego con xestión propia da FPGFT mantívose ao longo de 2018.
    - ✓ **“app- formación”** Neste 2018, tal e como estaba previsto no Plan de Actuación, deseñouse esta aplicación para teléfonos móbil que permite buscar e solicitar información sobre a oferta ofrecida pola FPGFT.  
Breve descrición das opcións que oferta:
      - As consultas poden filtrarse por provincia, descrición, data de inicio e fin das accións formativas.
      - Permite engadir as accións formativas á bolsa de favoritos e tamén permite consultar a ficha ampliada da acción formativa de interese
      - Facilita o envío de consultas específicas ao centro de formación que programa a acción formativa que é de interese para o usuario.
      - Permite visualizar en “google maps” a localización do enderezo do centro de formación.
      - Está preparada para o envío de suxestións de formación ao persoal da FPGFT


**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**

Tal e como se explicou anteriormente nas actividades 5 e 6, debido ao mantemento do persoal e ao significativo incremento de tarefas encomendadas para este exercicio (fundamentalmente as descritas na actividade 2 que tamén afectou ao incremento de tarefas das actividades 3 e 4 na porcentaxe vinculada coa nova actividade 2), obsérvase que noutras actividades, como nesta, tívose que prescindir da ampliación da oferta de actividades ao idioma inglés e adaptación da páxina web ás persoas con discapacidade e nas outras que figuraban no Plan de Actuación 2018 reducir a súa actividade en determinadas tarefas, pero sempre tendo presente o desenvolvemento destas cuns estándares de calidade suficientes.

En conxunto o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade que figuran no Plan de Actuación 2018 estímase que non alcanzou o obxectivo previsto no Plan de Actuación 2018 nun **27,5%** que no computo total da actividade da Fundación supuxo un **-2,65%**.

**Localización física:** Servizo técnico exterior, dirixido dende as oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** De xaneiro a decembro 2018



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

**Recursos económicos empregados:**

- Os propios das empresas externas contratadas, para a realización da actividade.
- Os propios das oficinas da FPGFT.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado
  - ✓ A directora xerente da Fundación foi a responsable da supervisión, control e dirección do traballo externo, contando coa colaboración do persoal técnico e administrativo soamente en momentos puntuais.
  - ✓ O persoal das empresas contratadas foron os responsables de materializar as especificacións que figuraban no seu contrato, baixo a supervisión directa da xerencia asistida polo persoal técnico e administrativo.
- Persoal voluntario: ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos:
  - Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - Os membros do Padroado da Fundación.
  - As entidades solicitantes.
  - As empresas que colaboran na xestión da formación.
  - Usuarios da FPGFT
- Beneficiarios Indirectos  
Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

**ACTIVIDADE Nº 8:**


**Denominación:** "ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMO SOPORTE PARA AS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN E O PADROADO" (non indicada no Plan de Actuación 2018)

**Descrición da actividade:**

A Fundación ao pertencer ao sector público autonómico está obrigada a cumprir unha normativa que a regula e que é tanto de carácter civil como administrativo.

Para a elaboración da documentación obrigatoria e a documentación solicitada polo Padroado na Fundación executáronse numerosas tarefas, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Estudo de lexislación e documentación oficial relativa as instrucións para a elaboración dos distintos documentos.
- Recompilación e análise da información (datos históricos descritivos, cualitativos e cuantitativos).
- Elaboración de táboas e gráficos.
- Redactado de todos os apartados da documentación correspondente.
- Dar formato a toda a documentación.
- Incluír a información (estados contables e memoria) na aplicación informática da Xunta.
- Presentar os borradores á xerencia da Fundación e a Dirección Xeral para a súa revisión.
- De ser o caso, modificar e rectificar o que consideren oportuno.
- Presentar toda a documentación en prazo.
- Elaborar as respostas aos posibles requirimentos ou solicitudes de aclaración efectuadas á Fundación.



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924



**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

A documentación elaborada, para dar cumprimento ás facultades do Padroado, foi a seguinte:

- Contas anuais 2017 da Fundación.

A Fundación elaborou as Contas Anuais 2017, que conteñen os seguintes documentos:

- Balance de situación.
- Conta de resultados.
- Memoria de Actividades.

As Contas Anuais 2017 (elaboradas entre xaneiro e marzo 2018) para ser presentadas ao Padroado e posteriormente aprobadas. A continuación presentáronse no Protectorado, cumprindo o prazo de vinte días hábiles contados desde a súa aprobación polo Padroado e foron depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

- Elabóranse os obxectivos e indicadores 2019 da FPGFT en setembro 2018, unha vez elaborados os orzamentos da FPGFT 2019.

Entre xullo e setembro os administrativos procederon tanto á análise da previsión dos gastos e da anticipación de futuras necesidades, como a introdución dos datos económicos na aplicación CODEX da Xunta:

- Previsión de gastos/cálculos,
- Obxectivos e indicadores da FPGFT,
- Memoria de Actividades (adaptada aos orzamentos)
- Apartado da Fundación na Memoria da Consellería.

- Plan de Actuación 2019

O Plan de Actuación 2019 da Fundación, elaborouse en decembro de 2018, dito Plan recollía os seguintes apartados:

- Obxectivos.
- Actividades previstas.
- Previsión das partidas de ingresos e gastos.
- Memoria explicativa.

O Plan de Actuación 2018 foi presentado ao Padroado, sendo aprobado, e presentouse no Protectorado, para o seu depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

- Contabilidade 2018.

Levou a cabo o envorcado dos datos da contabilidade (mensual, trimestral e anual) no soporte informático posto a disposición pola Consellería de Facenda.

- Nóminas 2018.

Fíxose o envorcado dos datos das nóminas dos traballadores, cambios de situación laboral e recuperación de pagas extras retidas pola Administración no soporte informático BREIXO ao longo de todo o exercicio.


- Manexo do SEF.

Fíxose o envorcado dos datos das facturas no soporte informático SEF (aplicación informática de rexistro e control das facturas recibidas pola Xunta) ao longo de todo o exercicio.

Á elaboración da documentación obrigatoria e da documentación solicitada polo Padroado, ao longo do exercicio 2018 desenvolvéndose en prazo

Por último, indicar que a directora xerente da Fundación desenvolveu as actividades de recompilación, tratamento e análise dos datos cuantitativos e cualitativos e o redactado e elaboración de diferentes escritos e informes solicitados pola Secretaría Xeral de Emprego.

**Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2018:**



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Trabalho  
G - 70141924

**MEMORIA 2018 (PEMESFL)**  
**FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO**  
**G70141924**

---

